

# **ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009**

## **TAXA POR LICENCIA DE AUTOTAXIS E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO**

### **ART. 1º - FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art. 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencia de apertura de establecementos, a que se refire o art. 20.4 c) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola lei 25/98 do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da devandita lei 39/88.

### **ART. 2º.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servicios e a realización das actividades que en relación coas licencias de autotaxis, autoturismos e demais vehículos de alugueiro a que se refire o regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979 do 16 de marzo, que de seguido se sinalan.

- A) Concesión e expedición de licencias
- B) autorización para a transmisión das licencias
- C) autorización para substitución de vehículos afectos ás licencias, ben sexa esta cambio voluntario ou por imposición legal ou regulamentaria
- D) revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte, certificacións ou dilixenciado de libros rexistro

### **ART. 3º - SUXEITO PASIVO**

Están obrigados ó pagamento da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art 33 da LXT seguintes:

1. persoas ou entidades a favor das cales se outorga a concesión e expedición de licencia ou en favor das cales se autorice a transmisión da mesma
2. o titular da licencia correspondente ó vehículo que sexa substituído, ou sexa obxecto de revisión tanto ordinaria como extraordinaria, ou en favor do cal sexan expedidas certificacións ou dilixenciados os seus libros rexistro

### **ART. 4º - RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts 38.1 e 39 da LXT

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, ininventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance, que sinala o art. 40 da LXT

#### **ART. 5º - COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria será unha contía fixa de acordo á seguinte tarifa:

- I. Concesión e expedición de licencias: 300,50 €
- II. Autorización para a transmisión de licencias:
  - transmisión inter vivos - 300,50 €
  - transmisión mortis causa - 60,10 €
- III. Substitución de vehículos: 90,15 €
- IV. Revisión de vehículos anuais ordinarias ou extraordinarias, expedición de certificacións ou dilixenciado de libros rexistro: 21,03 €

#### **ART. 6º - RETRIBUCIÓN**

1. Retribúese a taxa e nace a obriga de contribuir nos casos a) b) e c) do art 2na data en que o Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorización.
2. Cando se trate dos servicios de revisión, dilixenciado de libros rexistro ou expedición de certificacións, a taxa retribuirase no momento en que sexan iniciadas ditas prestacións coa solicitude das mesmas.

#### **ART. 7º - DEMANDA DO SERVICIO E LIQUIDACIÓN PARA INGRESO DIRECTO**

1. A realización das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta taxa, levarase a cabo sempre a instancia de parte.
2. As cotas correspondentes será obxecto de ingreso directo previa liquidación, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pagamento no prazo establecido no Regulamento Xeral de Recadación

#### **ART. 8 - INFRACCIÓN E SANCIÓN**

As infraccións e sancións tributarias e a súa cualificación e as sancións que correspondan en cada caso, se rexerán polo que establece o art. 77 e seguintes da LXT

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir del 1 de xaneiro de 1999, rexendo ata a súa modificación ou derogación.

